



ESCOLA DE ANTROPOLOXÍA AB ORIGINE

# SEMINARIOS DE ANTROPOLOXÍA

Cápsulas temáticas de coñecemento antropolóxico

MARZO 2020

Aula de formación de AB ORIGINE. Antropoloxía  
R/ Eduardo Pondal nº31-2ºD  
36003 Pontevedra  
[info@aborigine.es](mailto:info@aborigine.es)





# ANTROPOLOXÍA DO XÉNERO E DA SEXUALIDADE

A antropoloxía de principios do século XX, como moitas outras ciencias, asumía que as diferencias sociais e políticas ou as divisións entre mulleres e homes eran "naturais". Este paradigma mudou a partir dos traballos dunha serie de antropólogos e antropólogas pioneiras que abriron un debate no que a cultura se introduce como factor de creación das categorías de xénero e articuladora da sexualidade e do parentesco fronte ás teorías bioloxicistas que ligaban cuestións como xénero, sexo e sexualidade á natureza e á bioloxía humana.

Neste obradoiro trataremos dende a perspectiva da Antropoloxía Social e Cultural temas tan de actualidade como a construción cultural do xénero, as formas de familia, matrimonio ou parentesco, a idea do amor romántico ou a diversidade cultural das prácticas sexuais. Estudaremos tamén as relacións entre estes construtos culturais e os aspectos laborais, identitarios, cívicos ou relacionados cos dereitos fundamentais e as liberdades propias das sociedades contentemporáneas. Un obradoiro destinado a toda persoa interesada en achegarse ao coñecemento antropolóxico en torno á diversidade sexual e de xénero.

## PROGRAMA

### 1- Sesión I: Xénero, cultura e diversidade

Sexo e xénero  
Sexualidade e reprodución  
Que é o xénero  
Diversidade de xéneros

### 2- Sesión II: A construción cultural do amor

A construción sociocultural do amor romántico en occidente  
Cultura(s), sexualidade(s) e relacións de poder  
Pensamento heterosexual e pensamento amoroso  
O amor e outros fenómenos de dominación

### 3- Sesión III: Sexualidade e cultura

Cultura e bioloxía  
A sexualidade como construción cultural  
Prácticas sexuais e cultura popular  
Unha mirada histórica e transcultural ao erotismo

### 4- Sesión IV: Olladas diversas sobre o parentesco

Tipos de matrimonios  
Tipos de familia  
Pautas de residencia e linaxes  
O tabú do incesto

## DATOS DO SEMINARIO

DURACIÓN: 8 horas: 4 sesións de 2 horas.  
DATA: Do 3/3 ao 24/3/2020  
HORARIO: Martes de 18:00 a 20:00  
PREZO: 40 €

## DOCENTES

Cristina Valdés (antropóloga)  
Rafael Quintía (antropólogo)  
Miguel Alonso Cambrón (antropólogo)



# ANTROPOLOXÍA DA ARTE

A creación e percepción artística son comportamentos que tradicionalmente teñen sido asociados á nosa especie, mais, son homoxeneos estes riscos? O que hoxe entendemos e conceptualizamos como obra de arte non sempre o foi, velaí o exemplo da chamada "arte rupestre". A relación dos estudos antropolóxicos e etnográficos coa valorización e tráfico de obras de arte e indubidable, especialmente dende principios do século XX, momento no que comeza a coñecerse a "arte étnica" e florecen os circuitos artísticos agregados a ésta e outras prácticas.

Este é un seminario breve de introdución á análise antropolóxica aplicada á arte, destinado a estudantes de Belas Artes, Antropoloxía Social e Cultural e ao público en xeral interesado en profundizar na comprensión do papel da arte nas sociedades e culturas históricas e contemporáneas. Ao longo das catro sesións que o compoñen trataranse temáticas que van dende a estetización dos achádegos arqueolóxicos ata cuestións relacionadas co activismo artístico ou os efectos da dixitalización vinculados á práctica contemporánea.

Ao longo deste seminario repasaremos ás olladas interculturais á produción artística, moi asociadas ao imperialismo e ao colonialismo decimonónico pero presentes desde que houbo contactos interculturais. Unha mirada antropolóxica ao papel das artes nas sociedades e nas culturas, aos fenómenos de etnificación, exotización e a cuestións contemporáneas ligadas ás industrias culturais do entretemento e a cultura de masas.

## PROGRAMA

### 1- Sesión I: Conceptos xerais: arte, cultura, sociedade

Que entendemos por arte?

Cultura e patrimonio, material e inmaterial

Arte e artesanía: abstracción e traballo manual

Artes populares e artes elitistas

### 2- Sesión II: Arte, maxia e relixión

As orixes da arte

A creación artística como ferramenta da maxia e da relixión

O poder de representación da cultura expresiva

### 3- Sesión III: Discursos culturais arredor da "arte rupestre"

Simbolismo e interpretacións da arte rupestre

A arte rupestre como soporte mitolóxico

A arte rupestre galega como símbolo de identidade

### 4- Sesión IV: Arte étnica, colonialismo e vangardias

Miradas exotizantes e prácticas coloniais

A construción da arte primitiva

Antropoloxía e vangarda: a representación e comercialización do outro

## DATOS DO SEMINARIO

DURACIÓN: 8 horas: 4 sesións de 2 horas.

DATA: 4/3 ao 25/3/2020

HORARIO: Mércores de 18:00 a 20:00

PREZO: 40 €

## DOCENTES

Rafael Quintía (antropólogo)

Miguel Alonso Cambrón (antropólogo)



# ETNOMUSICOLOXÍA

O “Seminario de Etnomusicoloxía” está destinado a todas aquelas persoas interesadas en achegarse ao patrimonio musical galego dende unha óptica etnomusicolóxica. O seu obxectivo principal é iniciar ás asistentes nas ferramentas básicas da disciplina (obxectos de estudo, escolas de investigación, metodoloxías, arquivos sonoros) exemplificadas con manifestacións de música de tradición oral senlleiras da Galiza.

Mediante diferentes recursos didácticos, exposicións teóricas, visualización de materiais audiovisuais, audicións comentadas, lectura de textos representativos da materia e consultas nos principais arquivos sonoros, este seminario pretende achegar ás participantes ao patrimonio musical de tradición oral galego, nomeadamente ás manifestacións relacionadas co ciclo do Nadal, o baile comunal e o ciclo do traballo no agro.

O “Seminario de Etnomusicoloxía” resultará de interese para estudantes de música, antropoloxía ou doutras disciplinas, como complemento á súa formación no eido do patrimonio cultural inmaterial, mais tamén para todas aquelas persoas que desexen afondar nos contextos e funcións da música de tradición oral e nos fundamentos teóricos que sustentan a Etnomusicoloxía, xa que non son necesarios coñecementos musicais previos.

## PROGRAMA

### 1- Sesión I

Introdución: que é a Etnomusicoloxía?

O nacemento do fonógrafo e as súas implicacións

O relativismo cultural

O son da memoria: os primeiros arquivos

A música de tradición oral galega no ciclo do Nadal

### 2- Sesión II

A escola de Berlín

Sistematización dos estudos etnomusicolóxicos

O folklore musical en Europa

O cancionero de Casto Sampedro

O baile comunal na Galiza I

### 3- Sesión III

A escola americana

A Antropoloxía da música

Do cancionero ó campo: Lomax e Henningsen

O cancionero de Schubarth e Santamarina

O baile comunal na Galiza II

### 4- Sesión IV

A Etnomusicoloxía na actualidade

A música como comportamento simbólico

Funcións sociais da música.

Estudos culturais e de xénero

O ciclo do traballo no agro

## DATOS DO SEMINARIO

DOCENTE: Xulia Feixoo (etnomusicóloga)

DURACIÓN: 8 horas: 4 sesións de 2 horas.

DATA: Do 5/3 ao 26/3/2020

HORARIO: Xoves de 18:00 a 20:00

PREZO: 40 €

# INFORMACIÓN XERAL

<http://aborigine.es/escola/>

## O EQUIPO DOCENTE - ESCOLA DE ANTROPOLOXÍA AB ORIGINE

### CRISTINA VALDÉS

Antropóloga, profesional do sector turístico e docente especializada na inserción social de colectivos en risco de exclusión social.

### XULIA FEIXOO

Etnomusicóloga, percusionista, docente e investigadora no eido da música tradicional galega.

### RAFAEL QUINTÍA

Antropólogo, economista, investigador e profesor tutor de Antropoloxía Social e Cultural na UNED.

### MIGUEL ALONSO CAMBRÓN

Antropólogo, músico, tradutor e realizador audiovisual.

### CUSTO

O custo de cada seminario é de 40 €

### PRAZAS

O número máximo de prazas é de 15

### ESTRUTURA

Cada seminario consiste en 4 sesións de 2 horas cada unha. Total: 8 horas

### LUGAR

As sesións serán impartidas na Aula Ab Origine  
R/ Eduardo Pondal, 31, 2º D - Pontevedra

### MATRÍCULA

Correo electrónico a [info@aborigine.es](mailto:info@aborigine.es) ou chamando ao 986.105.860  
A matrícula estará aberta ata o 28 de febreiro

